



1. Introducción descriptiva do contexto do centro.

O centro no que se pretende desenvolver este proxecto é o CEIP JUAN REY, situado na localidade de LOURENZÁ, sendo o sector terciario o motor económico da localidade de referencia. O centro conta cun total de 127 alumnos, agrupados en:

- 2º ciclo de Ed. Infantil: 4º,5º e 6º de Ed. Infantil
- Ed.Primaria: 1º,2º,3º,4º,5º e 6º de Ed. Primaria

O centro ten todos recursos persoais necesarios para o normal desenvolvemento da actividade docente, contando con:

- 3 titoras de Ed. Infantil
- 1 mestra de Apoio de Ed. Infantil
- 6 titoras de Ed. Primaria
- 1 especialista de Ed. Física
- 1 especialista de Ed. Musical
- 1 especialista de Inglés
- 1 mestra de Relixión
- Departamento de Orientación completo

Centrándonos nos recursos humanos cabe destacar que practicamente todo o claustro do CEIP JUAN REY ten destino definitivo.

Aínda que os niveis dos mestres en canto o coñecemento sobre as TIC son diferentes, intentaremos entre todos non só formarnos a través de grupos de traballo e diferentes cursos de formación, senón que tamén **afrontaremos unha aprendizaxe cooperativa**, ó asumir constantemente tanto a función de recepción como a de emisión de coñecementos propios desta materia, conseguindo así a difusión e afianzamento do que cada un de nós sabe e do que cada un de nós vai aprendendo.

Aprendizaxe cooperativa.

Recepción e emisión de coñecementos.

Difusión e afianzamento.

Como froito dos recursos humanos e materiais, contamos cunha **páxina web** do centro CEIP JUAN REY, destinada a **fomentar a relación entre éste e seu entorno**; destacando na mesma, a sección adicada aos blogs de cada aula, así como tamén a orientada aos traballos dos cursos correspondentes os nenos/as de maior idade. Por último, cabe destacar a posta en marcha dunha aula virtual na que estamos a traballar.

CEIP Juan Rey

Iniciar sesión | Rexistrarse

AULA VIRTUAL GALERÍA DOG RECURSOS SUBSTITUTOS LISTAS

Mapa do sitio Portal educativo Recursos Educativos SEM Correo Webs dinámicas

ÚLTIMOS ARTIGOS

- Asignatura de Libre Configuración 4º
- Letras Galegas 2020. 2º Primaria.
- Restablecemento do prazo de admisión do alumnado.
- Recetas saudables d@s nen@s de 4 anos.
- Programa de recetas (2º Primaria). Varios episodios.

Páxina benvinda
Xov, 09/04/2020 - 07:55 — admin

Avenida de Soutelo,13
27760 Vilanova de Lourenzá
Tfno.: 982 87 03 83
email: ceip.juan.rey@edu.xunta.gal

Asignatura de Libre Configuración 4º
Mar, 19/05/2020 - 06:25 — DINA

Dicionario RAG

EVENTOS

« Maio 2020 »						
Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

O NOSO CENTRO

NIVEIS EDUCATIVOS

A aprobación do proxecto de Educación Dixital E-DIXGAL para o centro CEIP JUAN REY suporía dar un paso máis no proceso de cambio de centro educativo tradicional cara ao centro educativo dixital. O noso proxecto de centro comprométese a adecuar os modelos pedagóxicos ás novas tendencias sociais, científico e tecnolóxicas, apostando por una educación de calidade.

2. Xustificación da solicitude do proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal).




Solicitamos o proxecto de Educación Dixital (E-DIXGAL) porque **cremos que as tecnoloxías da información e a comunicación son un elemento básico para a consecución das competencias básicas que esixe o noso sistema educativo actual**, tales como a competencia dixital e o tratamento

da información. Pero este proxecto non só nos permitirá traballar e en consecuencia desenvolver estas competencias, senon que axuda ineludiblemente á adquisición das mesmas. Ademáis, coas TIC poderemos potenciar a aprendizaxe dos nosos alumnos/as en calquera das áreas de aprendizaxe e asignaturas ás que se enfrentan. Unha vez que entremos a formar parte da rede de centros Abalar, seremos conscientes da motivación que crea o uso dos ultraportátiles na aprendizaxe dos nenos/as, e por isto consideramos que esta ferramenta debe de seguir utilizándose cada día máis.

O proxecto de libros dixitais permitiríanos tamén traballar individualmente, en pequeno grupo ou en gran grupo. Cada alumno/a pode estar así a realizar unha actividade no seu ordenador -por exemplo realizando unha proba de forma individual- pero tamén pode estar a participar en debates nos que busquen información e logo a poñan en común; con elo estariamos a potenciar con esta actividade tan sinxela, algo de suma importancia non só para os pais senón tamén para o resto dos membros da comunidade educativa, a motivación dos nosos alumnos/as. Sendo conscientes de que non todos eles teñen acceso a internet ou un ordenador nas súas casas, e aínda que no centro sí poden telo, **co proxecto de libros dixitais EDIXGAL terían a oportunidade de aprender a manexarse neste ámbito con maior autonomía, favorecendo a equidade e contribuindo á cohesión social, grazas ao maior uso que destas ferramentas farían durante toda a semana, non só na escola senón tamén nas súas casas.** Tamén son un campo atractivo para poder traballar cos nosos alumnos con ANEAE, xa que para eles sería unha ferramenta que consegue fomentar a súa autonomía.

Para o noso claustro é básica a comunicación entre as familias e a escola, e proba de elo son os blogs , así como a páxina web do centro, todos cun obxectivo en común, a interacción entre os distintos membros da comunidade educativa. **O proxecto experimental de libros dixitais favorecerá a comunicación coas familias xunto co uso da aplicación abalar-Móbil que comezou a levarse a cabo no noso centro neste curso académico.**

Polo tanto, estamos moi interesados en formar parte deste proxecto porque somos conscientes de que **as TIC son ferramentas** que ademáis de resultar moi atractivas para os nenos/as, son motivadoras e favorecen a autonomía persoal, podendo chegar a converterse en **instrumentos moi importantes nunha escola inclusiva.** Isto é o que buscamos, **que os nosos alumnos poidan conseguir desenvolver todas as capacidades estipuladas na normativa educativa, da forma máis divertida e asimesmo comprometida de cara á consecución dun sistema educativo de calidade.**



Cal é a importancia pedagóxica de este proxecto?.


O proxecto de Educación Dixital permite una metodoloxía global, activa, participativa e flexible.

A nosa linea de traballo toma como base:
POTENCIAR AS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Conseguindo que os nenos/as teñan os seus propios pensamentos e opinións. Potenciando PENSAMENTO CRÍTICO.

De forma DIVERTIDA e MOTIVADORA.

Os nenos/as aprenden de forma lúdica, sempre adaptada ó nivel de cada un de eles.



OBXECTIVOS

Os obxectivos que propoñemos para o desenvolvemento de este proxecto de Educación Dixital (E-DIXGAL) vamos a diferenciarlos en tres apartados: obxectivos xerais, obxectivos a corto prazo e obxectivos a medio prazo.

3.1 OBXECTIVOS XERAIS:

Incorporación de materiais dixitais en todas as asignaturas de educación primaria, xunto cun cambio na metodoloxía de traballo do profesorado.

- Creación dunha contorna dixital e virtual de aprendizaxe, potenciando a comunicación con outros centros educativos e tamén coas familias.
- Potenciar unha cultura dixital afianza dende o noso proxecto de centro.
- Beneficiar as familias cun gran aforro en materiais educativos.
- Aproveitamento maior do repositorio de contidos do espazo abalar.
- Formación activa e continua do proceso para a consecución dun mellor desenvolvemento da competencia do tratamento da información e a competencia dixital.

- Impulsar a súa continuidade na procura de converternos cada vez máis nun centro educativo dixital que garante unha educación de calidade.

3.2 OBXECTIVOS A CORTO PLAZO

3.2.1- Introducir ao novo alumnado e as familias de 5º de educación primaria no novo proxecto E-DIXGAL dunha forma paulatina e transparente, intentando que sexan **participes en todo momento de este cambio positivo de metodoloxía e de aprendizaxe.**

3.2.2- Promover unha contorna dixital e virtual de aprendizaxe como soporte para a nosas clases. Para elo utilizaremos: repositorio abalar, contidos en rede, actividades interactivas,.. traballando con elas a diario e **facilitando que podan traballar con elas nas súas casas.**

3. 2.3 Impulsar a continuidade do proxecto E-DIXGAL seguindo a planificación xa organizada para a **formación dos docentes implicados no proxecto**, procurando así que o profesorado se sinta pouco a pouco máis seguro.

3. Tecnoloxía e velocidade da conexión á rede internet do centro educativo.

RADIO-RED-ES

PMW_500M_500M

ADSL

VDSL-NEBA_25M_2.5M

<p>Velocidade na rede:</p> <p>De subida.....95,03Mbps</p> <p>De baixada.....94,56 Mbps</p>
--

4. Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.

Se somos admitidos dentro do proxecto de Educación Dixital, a posta en marcha de dito proxecto implica a necesidade de dispoñer dunha boa organización.

Metodoloxía prevista para o desenvolvemento do proxecto por parte do profesorado do centro:

Queremos afrontar todos xuntos as posibles dificultades, de tal xeito que non sexa un proxecto illado que tan só pertenza aos mestres implicados.

De cara o ano próximo, se entramos a formar parte do proxecto de Educación Dixital, tal e como é a nosa meta, **os obxectivos do grupo de traballo que realizaríamos encamiñado e centrado no uso dos libros dixitais, serían os seguintes:**

- Coñecer o manexo de todos os recursos que se van a utilizar :
 - **Materiais:** repositorio de contidos, aula virtual, libros dixitais, programas educativos, recursos on-line.
 - **Recursos tanxibles:** servidor, ordenadores portátiles, ultraportátiles, PDI's, proxectores, armarios de carga, rede wifi.
 - **Recursos intanxibles basados no software:** sistema operativo LINUX, paquetes ofimáticos, e outros programas.
- Aprender a empregar dunha maneira eficaz e eficiente os diferentes programas no día a día para desenvolver os diferentes contidos.
- Colaborar entre os diferentes titores e especialistas para que haxa **unha continuidade dentro do proceso de ensino-aprendizaxe e dentro do proxecto experimental de Educación dixital.**
- **Favorecer a coordinación do profesorado implicado tanto na aula de 5º de educación primaria no caso de que se entremos no proxecto experimental de Educación dixital para unha mellora do seu proceso de planificación e desenvolvemento.**
- **Integrar dentro do proxecto unha metodoloxía integradora, equitativa, global e flexible**
- **Amosar as posibilidades que ofrece a rede á hora de facer, elaborar e desenrolar tarefas e actividades.**

Complementando o grupo de traballo que se realizará no centro, tamén participaremos en cursos organizados pola Rede de formación permanente do profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Para iso contaremos con:



O obxectivo básico é que todos consigan chegar a un nivel no que poidan empregar ás **ferramentas**, de tal maneira, que poidan elaborar e axudar á realización de diferentes actividades, así

como formar ós seus alumnos e facilitarlles as ferramentas que lles axuden a desenrolar as competencias básicas de forma lúdica, integradora e activa.

Metodoloxía prevista para información do proxecto ás familias do alumnado:

1º TRIMESTRE.

Realizaranse dúas reunións: Unha a **principios de Setembro** que será conxunta con todas as **familias de 5º de educación primaria**. A esta reunión **asistirán: a titora e os especialistas que van a impartir docencia en dito curso, así como a coordinadora do proxecto, o director do centro e o asesor abalar**

2) *Outra reunión no mes de Outubro a que asistirán a titora e os especialistas que imparten clase en 5º de E.P, a coordinadora do proxecto e o director do centro.*

Falarase sobre a **evolución do proxecto**, resolución de **posibles dúbidas**, así coma **recomendacións sobre a forma de traballar** cos alumnos/as dende a casa para **impulsar a participación e motivación das familias no proxecto.**

2º TRIMESTRE.

Realizaremos **dúas reunións** as que asistirán a titora e os especialistas, así coma a coordinadora do proxecto e o director do centro. A **primeira reunión** que se levará a cabo a mediados do **mes de xaneiro**. Na **segunda reunión que se realizará no mes de marzo:**

Temas a tratar:

1) Falaremos da **evolución do proxecto**, posibles **dúbidas e propostas de mellora**; así como introduciremos a nova ferramenta de uso para o intercambio de información e actividades de investigación dos alumnos/as: **a aula virtual; aínda que seguiremos mantendo en todo momento o pen drive para as actividades que se realicen nas súas casas.**

2) Faremos unha **posta en común das diferentes impresións das familias sobre o funcionamento do proxecto**, propoñendo propostas de mellora e solucionando diferentes problemas que puideran xurdir có funcionamento da aula virtual.

3º TRIMESTRE.

Realizaremos unha reunión a que asistirán a titora e os especialistas, así coma a coordinadora do proxecto e o director do centro. Esta reunión terá como **obxectivo a análise e avaliación do proxecto**: saber se cumplimos os obxectivos marcados en dito proxecto en canto o intercambio de información coas familias, si será unha maneira cómoda e axeitada de comunicación, e se a metodoloxía que se levará a cabo será apropiada para a transmisión de coñecementos.

5. Designación da persoa coordinadora do proxecto.

M^a Silvia Fernández Friol, con D.N.I.: 76575931F

Destino definitivo no centro.

Méritos: a consultar en datos persoais.

6. Procedemento de avaliación interna no desenvolvemento do proxecto, especificando os indicadores de logro vinculados aos obxectivos propostos.

